

ESC ENO GRA FIA

ESAD GALICIA
Escola Superior de Arte Dramática

Máis cerca do que pensas



Novo Centro Superior das Artes Escénicas en Vigo

A Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia conta xa coa primeira fase da que é a súa sede definitiva, un conxunto de tres edificios que converterán esta escola nun centro de referencia na **formación**, a **creación** e a **investigación escénica**.

- Aulas prácticas con equipamento técnico e aulas teóricas.
- Aulas de ensaio a disposición do alumnado.
- Aulas de escenografía, caracterización e indumentaria.
- Auditorio para creación e exhibición teatral.
- Biblioteca.
- Servizo de cafetería e comedor.



Titulación Superior en ESCENOGRAFÍA

A ESAD de Galicia é un centro público que ofrece catro titulacións superiores en Arte Dramática: **Interpretación**, **Dirección de Escena**, **Dramaturxia** e **Escenografía**. Ofrece estudos de posgrao en colaboración coa Universidade de Vigo. As súas ensinanzas estarán integradas no Espazo Europeo da Educación Superior (EEES).

A **Titulación Superior en Escenografía** ten unha duración de 4 anos e a ESAD é o único centro que a ofrece na nosa comunidade. O seu currículo está integrado por materias como:

- Espazo escénico
- Caracterización e indumentaria
- Iluminación
- Técnicas escénicas
- Obradoiros de construción
- Obradoiros de creación
- Debuxo artístico
- Deseño por ordenador
- Historia da Arte
- Estética

■ Saídas profesionais

- Deseño de espazos escénicos, de iluminación, caracterización e indumentaria para todo tipo de espectáculos, escénicos e audiovisuais.
- Deseño para cine, televisión, publicidade, animación e videoxogos.
- Deseño e coordinación de actividades diversas en museos, exposicións, instalacións, escaparates, interiores ou parques temáticos.
- Xestión e produción teatral, e dirección de actividades e proxectos vinculados coas artes plásticas.
- Docencia teatral e investigación en programas vinculados coas artes escénicas e coas artes en xeral.